

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE XANEIRO DE 2017

**LICENZAS
FAVORABLES**

LIC/1324/2016.- MARIA LILIBETH PALLAS RODRÍGUEZ.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en lugar de Neiro de Abaixo.

LIC/1718/2015.- SONIA CARRETERO ROMERO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada en Lugar de Rebordaos nº 29.

LIC/914/2016.- CERYTRA 2000, S. L.- Conceder licenza para a construción dunha nave sen uso específico no Parque A Sionlla SUND 40 – Rúa E – Parcela L1 a 02C – Rúa da Rioxa nº 10.

1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Neiro de Abaixo. LIC/1324/2016. Acéptase a proposta

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no Lugar de Rebordaos nº 29. LIC/1718/2015. Acéptase a proposta

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a construción dunha nave sen uso específico no Parque A Sionlla SUND 40 - Rúa E - Parcela L1 a 02C - Rúa da Rioxa nº 10. LIC/914/2016. Acéptase a proposta

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa a corrección de erros no punto 38.B) da sesión de 30.12.16, relativo á instrución sobre criterios aplicables en materia de medidas cautelares de peche, iniciación de procedementos sancionadores, tipificación de infraccións e determinación de sancións en establecementos públicos e actividades de lecer. A proposta continúa dous erros, un relativo á normativa aplicable (no tocante de ser aplicable o artigo 35.1.h da lei 40/2015 é de aplicación o mesmo da lei 39/2015) e onde di "...non aconsellen motivadamente elevar a contía a calquera dos tercios superiores" debe engadirse "de concorreren circunstancias agravantes con relación a un ou dous criterios dos sinalados no artigo 59.1 da LECG, fixarase a contía da multa no treito do tercio medio; e de concorreren aquelas circunstancias con relación a máis de dous anteditos criterios, fixarase a contía da multa no treito do tercio superior".

5 a 199.- Propostas da concelleira delegada de economía e facenda relativas a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU-Plusvalía), no imposto sobre bens inmobles (IBI) e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM). Apróbanse as propostas.

200.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición interposto por D.José Santiago Pérez, contra acordo da Xunta de Goberno. Apróbese a proposta.

201.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á desestimación dun recurso de reposición interposto por Paradores de Turismo de España, contra

acordo da Xunta de Goberno. Apróbbase a proposta.

202.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Acórdase conceder a exención solicitada.

203.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á prórroga do aluguer dun local na rúa do Empedrado, nº 7, destinado a uso sociocultural de Casas Novas. Apróbbase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano a contar dende o 20 de xaneiro de 2017 ata o 19 de xaneiro de 2018. Acórdase non revisar o prezo mensual do mesmo durante a anualidade de prórroga contractual.

204.- Proposta da alcaldía relativa ao nomeamento de representante na próxima xunta reitora do Museo do Pobo Galego. Acórdase nomear representante ao concelleiro de Educación e Cidadanía, Manuel Dios Diz.

205.- Dar conta da concesión pola Xunta de Galicia da axuda económica por mor da adhesión do concello ao convenio de colaboración para a realización de programas de atención e protección da saúde. Ano 2016. Dáse conta da concesión ao Concello de Santiago, por parte da Xunta de Galicia, da cantidade de 532.531,71 euros como axuda económica pola adhesión ao convenio de colaboración entre a Vicepresidenta e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para sufragar os gastos derivados do desenvolvemento de programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos e realización de programas de atención e protección da saúde no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2016.

206.- Dar conta da sinatura do convenio específico da formación en centros de traballo entre a dirección do IES "As Fontiñas" e o concello de Santiago de Compostela. Dáse conta da sinatura do Convenio de Cooperación Educativa entre O CENTRO EDUCATIVO IES AS FONTIÑAS E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para o desenvolvemento da formación en centros de traballo, de acordo coa normativa vixente emitida pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para o curso escolar 2016/2017.

URXENCIAS

1.-Proposta relativa á aceptación da axuda do IDAE para a renovación de instalación de alumeadado público exterior municipal. Acéptase o préstamo reembolsable solicitado pola cantidade de 1.465.194,18 euros do Instituto para a Diversificación e o Aforro Enerxético (IDEA) para a mellora de 2.442 puntos de luz e 51 Centros de Mando do Concello.

2. Proposta relativa a aprobación do proxecto modificado de mellora da mobilidade e da accesibilidade no barrio de Vista Alegre. Fase I. Apróbanse tres modificacións no proxecto. A primeira deriva da afección á rede de infraestrutura orixinaria polo rebaixe da rasante proposto no proxecto da Fase III. A segunda da aparición de zapatas da edificación a unha cota superior á prevista nos planos. A terceira da solicitude de reubicación das illas de contedores soterrados previstas na Praza Álvaro Cunqueiro, que se colocarían en liña de xardíns que delimitan a zona de paso de vehículos desde Santa Comba.